

## OBRADOIRO: CONTABILIDADE COOPERATIVA NIVEL 0

[ Encadrado no convenio de colaboración con Concello de A Coruña ]

<b>DATAS REALIZACIÓN</b>	<b>02-19/05/2023</b>	<b>DURACIÓN</b>	20 horas
<b>LUGAR CELEBRACIÓN</b>	A través da plataforma de teleformación <a href="http://aulaespazocoop.com">http://aulaespazocoop.com</a> . Celebraranse 3 sesións virtuais de aprendizaxe os días: 2, 10 e 19 de maio en horario de 11:00 a 12:00hs. O horario de titoría será de luns a venres de 13:00 a 14:00 horas		
<b>PERSONA DE CONTACTO</b>	Patane García Méndez	<b>TELÉFONO</b>	881 887 456
		<b>E-MAIL</b>	patane@espazo.coop

PARA INSCRIBIRSE [prema aquí](#)

### OBXECTIVOS

- 1) Dar a coñecer á cidadanía en xeral e ás persoas emprendedoras en particular, o modelo empresarial das cooperativas e empresas da Economía Social. Visibilizándoas como fórmula acaída para a creación de emprego estable e de calidade, fixación da poboación no territorio, acceso das mulleres a postos de responsabilidade e limitación da fenda salarial, recuperación de empresas en crise, etc.
- 2) Facilitar o acceso ao coñecemento e a formación das persoas residentes na cidade da Coruña a través de cursos de teleformación con todos os apoios e calidade da formación especializada de Espazocoop.
- 3) Atender as necesidades formativas específicas de mellora na xestión empresarial e habilidades no ámbito comercial das cooperativas participantes.
- 4) Mostrar desde un punto de vista práctico que é, e para que serve, a contabilidade nun proxecto cooperativo . Coñecer o proceso contable e a súa relación co resto de ámbitos da empresa, para a toma de decisións. Capacitar ás persoas emprendedoras no uso de ferramentas contables.
- 5) Promover a creación dun ecosistema emprendedor no cooperativismo e na economía social na cidade da Coruña que se poida materializar, nun futuro próximo, na constitución de novas cooperativas que enriquezan o tecido produtivo da cidade.

### PROGRAMA E CONTIDO

A FUNCIÓN CONTABLE: Que é e que conleva?	3.2. Asentos e linguaxe contable: Balances e contas de resultados.
1.1. A contabilidade: Órgano de vista das empresas	3.3. Os Rexistros: Depósito de contas
1.2. Contabilidades na cooperativa: administrativa, financeira, custos e previsional.	4. CONTABILIDADE FINANCEIRA: O ciclo contable
1.3. Outras contabilidades: auditoría social, balance social.	4.1. Plan Xeral Contable e Norma EHA/3360/2010
2. CONTABILIDADE ADMINISTRATIVA: A contabilidade do día a día	4.2. Anotación dos feitos contables: clasificación das contas.
2.1. Orzamentos e facturas emitidas	4.3. O ciclo contable.
2.2. Facturas recibidas, provedores e acredores	4.4. Libro Diario e Libro Maior, Balances e Contas de Resultados
2.3. Outros feitos contables: Administracións públicas, impostos, bancos, nóminas	4.5. Os programas contables
3. CONTABILIDADE FINANCEIRA: Libros e obrigas contables	5. CASO PRÁCTICO
3.1. Obrigas contables: Libros e contas anuais	5.2. Asentos contables
	5.3. Estados financeiros

### METODOLOXÍA

Activa e participativa coa utilización de medios audiovisuais e actividades prácticas de reflexión e debate. O alumnado terá ao seu dispor, na plataforma de teleformación, os materiais do curso para o seu estudo, amais de material complementario que se lles fará chegar a través do foro do curso. Realizaranse tres sesións virtuais de aprendizaxe coas que reforzar, de xeito síncrono, a relación e traballo colaborativo. As tarefas dispostas na plataforma servirán para facer unha avaliación do aproveitamento do alumnado participante. As canles de comunicación entre o equipo titorial e o alumnado será: o servizo de foros e mensaxería interna da plataforma, o correo electrónico, o telefono e a sala de videoconferencias do curso para a realización das titorías virtuais e as sesións virtuais de aprendizaxe.

**Realizaranse tres sesións virtuais de aprendizaxe** ao longo do curso. O día 2 será a presentación, o día 10 revisarse a documentación contable e o día 19 traballarase na resolución dun caso práctico.

### DIRIXIDO A

Persoas cunha idea de negocio e/ou proxecto empresarial interesadas en valorar a viabilidade de emprender baixo a fórmula cooperativa. Primarase a participación de persoas pertencentes a grupos promotores, ás que proveñan de empresas en crise, persoas traballadoras coa condición de autónomas, etc.